



# SERRA DE SAN MAMEDE

Adela Leiro, Mon Daporta




**Distancia:**  
**Dificultade:**  
**Duración:**

Unha camiñada de 9,2 km lineal para remontar uns 800 m de desnivel, tres horas longas de subida e dúas horas e media de baixada polo mesmo camiño -tárdase menos na baixada porque costa abaixo todo axuda-.

Para subir ao San Mamede hai unha multitude de accesos e posibilidades, case todos aptos para vehículos todoterreo e bicicleta de montaña, porque no cume coinciden os concellos de Vilar do Barrio, Maceda e Montederramo e, na fonte do Santo, atópase a capela de san Mamede na que se celebra unha romería na segunda semana do mes de agosto. Pódese subir desde Rebordechao, Arnude, Castro de Escuadro, Montederramo, Chandrexa... aínda que o sitio polo que a distancia é máis curta é desde Rebordechao. Por que subir a San Mamede: pola súa situación estratéxica na beira occidental do Macizo Central ourensán, desde onde se dominan as serras principais, A Limia, a depresión de Maceda e parte da de Verín, e os montes que as separan e as rodean. Desde os cumes de San Mamede abránguese unha gran parte do centro-sur da provincia de Ourense. A maiores porque cada unha das súas abas, pola altitude e a orientación, goza de características ambientais diferentes: toda a cara leste, incluída no LIC Macizo Central atópase cuberta por matogueiras de queirugas, uces e arandeiras con cerquiños e algúns capudres, chamados na zona cancreixos; nas abas da cara norte acolle o Bidueiral de Montederramo, protexido como LIC, a oeste está case toda cuberta por plantacións de piñeiro rubio e na cara do sur, onde se desenvolve unha importante actividade gandeira, atópanse as fontes do río Arnoia.

## COMO CHEGAR

Desde Vilar do Barrio saímos en dirección a Maceda e un pouco máis adiante, collemos o desvío, á dereita, a Laza; un pouco despois de pasar a estación do tren, que queda á esquerda da estrada, collemos un cruzamento á esquerda que nos leva, polo val do río Arnoia, a Prado, e en Prado, á saída da localidade á esquerda, a estrada a Rebordechao. Á entrada de Rebordechao, antes de chegar ás primeiras casas, hai un alargo á esquerda da estrada do que sae unha pista de cemento bastante encosta que é o punto de partida da ruta. O camiño de subida faise todo por unha pista de terra apta tamén para todoterros e bicicletas de montaña.



Rebordechao, a poboación que se atopa máis preto do San Mamede e punto de partida da ruta.



Vista sur de San Mamede. A serra de San Mamede está formada por xistos e areíscas que orixinan un relevo de formas redondeadas e suaves e nos cumes por granitos de dúas micas e algunha cuarcita que lle dan á paisaxe un aspecto ruiforme e de grandes penedos. O cume máis alto, San Mamede, acadá os 1.619 m.



Camiño de San Mamede, ao fondo o val do Arnoia e Rebordechao.



Cabeza de Manzaneda desde o cumo de San Mamede, no inverno.



Vista desde o alto de San Mamede cara ao Penedo da Lebre e a depresión de Maceda.



Detalle dos cumes graníticos na primavera onde domina a cor rosada dos breixos en flor.



Xensá  
(*Gentiana lutea*, var. *aurantica*).



Gando de de raza caldelá nos pasteiros da aba sur de San Mamede.




Escaravello bosteiro. Este fermoso insecto de case 2 cm de lonxitude atópase habitualmente nas bostas do gando.



Colexas (*Silene acutifolia*)



*Ascalaphus macaronius*



Pardillo  
(*Carduelis cannabina*).